

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA RÍA DE AROUSA ZONA NORTE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO DESTINO AROUSA NORTE

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

REUNIDOS

Por unha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra, a Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa Zona Norte e no seu nome D. , na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Mancomunidade de Municipios da Ría de Arousa Norte nace en 1974 como unha organización rexional pública composta polos municipios de A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Ribeira, co obxectivo de consolidar a comarca como un destino turístico diferenciado e de calidade dentro do panorama nacional e internacional.

Que nos propios Estatutos da Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa Zona Norte, no seu artigo 7, establécese como fin da mesma ,entre outros: “Turismo: fomento y explotación del turismo”.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado, que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, programa 761A. Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través de aquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no territorio Arousa Norte, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas mesmas e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte, contribúen á potenciación do territorio como destino turístico e como continuación da colaboración establecida entre a Axencia Turismo de Galicia, a través do Plan de Dinamización desenvolvido nesta área, levando agora a cabo actuacións que afectan ao conxunto do territorio da Mancomunidade, para desta forma reafirmar un xeodestino xa moi definido no ámbito turístico: a Ría de Arousa Norte.

Os obxectivos que se propoñen acadar a través da execución deste convenio son: a consolidación do xeodestino Arousa Norte como destino accesible; a mellora da comunicación en internet; a promoción do turismo cultural e deportivo e a realización de actividades de promoción. Arousa Norte destaca por ser un destino de referencia en turismo accesible. Ao longo dos últimos anos desenvolveu diversos produtos turísticos innovadores destinados a persoas con discapacidade visual ou auditiva en colaboración coas principais asociacións especializadas, converténdose nun referente nacional neste segmento. Dende a Axencia Turismo de Galicia se entende que é esencial presentar unha oferta de turismo social apta para todas as persoas con independencia da súa idade, discapacidade ou situación.

Todos estes obxectivos ademais de responder ás liñas estratéxicas trazadas no Plan Integral de Turismo de Galicia 2013-2016, contribuirán a divulgar a realidade e potencialidade da Comunidade Autónoma, como receptora dun turismo de calidade e incidirán no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes actuacións que se repartirán en dúas anualidades:

Ano 2016

1.- Liña estratéxica 1: accesibilidade universal aplicada á promoción turística

Co obxectivo de manter a accesibilidade universal como criterio de calidade e liña transversal en tódalas accións contempladas neste convenio, dende a Mancomunidade destinarase o 2% do orzamento á implementación da accesibilidade universal nas seguintes accións:

- 1.1 Promoción do turismo accesible para persoas con discapacidade auditiva: contratación de ILSE para as actividades guiadas en Arousa Norte no marco do Encontro Autonómico de Persoas xordas de Galicia organizado pola FAXPG:
- 1.2 Mellora da comunicación da oferta accesible para persoas cegas en Arousa Norte: promoción da *Ruta do Mexillón sensitiva* en medios de comunicación especializados
- 1.3 Xornadas sobre turismo accesible en Arousa Norte para estudantes e axentes turísticos (Proturga e Universidade de Vigo)

2.- Liña estratéxica 2: turismo deportivo e de natureza

Dende o 2014 Arousa Norte ten como estratexia posicionarse como destino de natureza para a práctica deportiva. Co fin de dar continuidade ás accións executadas en anteriores anualidades propónse para o 2016 a execución das seguintes accións:

- 2.1 Inspección e proxecto técnico para a homologación de ruta de sendeirismo en Rianxo.
- 2.2 A creación dun circuío comarcal de carreiras populares, (4 carreiras, 1 meta. Arousa Norte, Rías Baixas), xa consolidadas nos catro concellos que conforman a Mancomunidade.
- 2.3 ITREKKERS (ruta 100 km): colaboración coa organización da ruta dos 100 km para a promoción de Arousa Norte
- 2.4 Estudio en 2016 para a creación dunha oferta turística náutica en colaboración cos Clubs Náuticos do territorio no 2017

3.- Liña estratéxica 3: turismo gastronómico

No 2016 darase continuidade á iniciativa de promoción turística “Arousa Norte + Que Tapas” contemplando a dinamización da ruta con actividades que complementen esta oferta e incentiven a participación dun maior número de establecementos hostaleiros. Configurarase unha ruta de tapas por todos os municipios de Arousa Norte durante os fins de semana de outubro ou novembro e, co fin de complementar o tapeo, unha ruta musical de grupos locais que motive ao público a achegarse aos distintos concellos, tanto a saborear a gastronomía vinculada ao mar como a gozar dos sons tradicionais máis representativos da comarca.

4.- Liña estratéxica 4: comunicación e promoción do destino

- 4.1 Asistencia técnica en RRSS
- 4.2 Creación dunha APP para IOS da Axenda Comarcal
- 4.3 Promoción de Arousa Norte en colaboración hostalería Santiago
- 4.4 Organización de acto promocional para a presentación dos resultados das accións 2016
- 4.5 Asistencia a feiras de promoción turística 2016
- 4.6 Deseño e impresión de material promocional
- 4.7 Deseño e adquisición dun stand promocional de Arousa Norte para asistencia a feiras, actos e eventos de distintos tipos

Ano 2017

1.- Liña estratéxica 1: accesibilidade universal aplicada á promoción turística

Co obxectivo de manter a accesibilidade universal como criterio de calidade e liña transversal en tódalas accións contempladas neste convenio, dende a Mancomunidade propónse destinar o 2% do orzamento á implementación da accesibilidade universal en todas as accións que o requiran.

2.- Liña estratéxica 2: turismo deportivo e de natureza

- 2.1 Configuración dunha oferta de turismo náutico
- 2.2 Continuidade do circuío comarcal de carreiras populares
- 2.3 Actuacións para a posterior homologación de ruta de sendeirismo en Rianxo

3.- Liña estratéxica 3: turismo gastronómico

- 3.1 Continuidade turismo gastronómico (Ruta de tapas e participación ou organización de eventos de promoción da gastronomía de Arousa Norte)

4.- Liña estratéxica 4: comunicación e promoción do destino

- 4.1 Asistencia técnica en RRSS
- 4.2 Creación e melloras das APPs e da web de AN, tendo en conta as tendencias das novas tecnoloxías aplicadas á promoción turística
- 4.3 Creación dunha base de datos de empresarios turísticos, recursos turísticos, imaxes, textos, e material promocional para compartir online cos catro concellos da Mancomunidade
- 4.4 Organización de acto promocional para a presentación dos resultados das accións 2017
- 4.5 Asistencia a feiras de promoción turística
- 4.6 Contratación de soportes publicitarios e colaboración co sector turístico (aloxamentos, restaurantes, taxis, etc.) de Santiago de Compostela para a promoción da oferta turística de Arousa Norte na capital de Galicia

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a douscentos mil euros (200.000,00 €), dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), de acordo coa seguinte distribución:

- Primeira anualidade: 75.000 € con cargo ao orzamento do ano 2016
- Segunda anualidade: 75.000 € con cargo ao orzamento do ano 2017

Estas anualidades imputaranse á aplicación 04A2.761A.760.3, na que existe crédito adecuado e suficiente que se aplicará para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.

A Mancomunidade Ría de Arousa Norte levará a cabo unha achega de cincuenta mil euros (50.000,00 €) distribuídos en vinte e cinco mil euros (25.000 €) para cada unha das anualidades que se destinarán ao pagamento dos gastos do persoal dedicado á xestión e coordinación e das actividades obxecto deste convenio.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), distribuídos conforme ao establecido na cláusula anterior.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma que se distribuirá da seguinte maneira:

- Primeiro pagamento: 75.000 € correspondentes á anualidade de 2016, que se aboarán con posterioridade á sinatura deste convenio previa solicitude por escrito por parte da Mancomunidade Ría de Arousa Norte
- Segundo pagamento: 75.000 € correspondentes á anualidade de 2017, que se aboarán a partir do 1 de xaneiro de 2017 previa solicitude por escrito da Mancomunidade Ría de Arousa Norte.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a Mancomunidade de municipios da Ría de Arousa Zona Norte queda exonerado da constitución de garantía.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto

de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, con catro concellos que presentan unha alta proxección turística baseada no turismo accesible, o desenvolvemento de produtos turísticos innovadores, o turismo de natureza e a estreita colaboración entre o sector público e o privado. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Cuarta.- Compromisos da Mancomunidade Ría de Arousa Norte

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual...) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o modelo do seu manual corporativo.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.



- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Quinta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento así como o previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro

polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas para o que a Mancomunidade deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de conformidade co disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

c) Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.

d) Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais; no seu caso achegaranse os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

e) Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.

f) Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.

g) Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.

h) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

i) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

j) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 3 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.3. O prazo para xustificar por parte da Mancomunidade a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2016 para os gastos correspondentes á primeira anualidade, e o 15 de decembro de 2017 para aqueles correspondentes á segunda anualidade. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Mancomunidade deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte ao disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Garantía de pagamento

Estableceranse as seguintes obrigas:

1. O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2016 para o pagamento correspondente á primeira anualidade, e no 31 de decembro de 2017 para a contía correspondente á segunda anualidade.
2. O prazo para a reclamación por parte da Mancomunidade, en caso de incumprimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.

Sétima.- Comisión de seguimento

Noméase unha comisión de seguimento e control integrada por un/dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Composición: Dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes da Mancomunidade Ría de Arousa Norte.

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue

Secretario: O presidente da Mancomunidade da Ría de Arousa Norte ou persoa en quen delegue.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se detallan no anexo ao presente convenio.

- A interpretación do presente convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Oitava.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2017. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016. A Mancomunidade Arousa Norte como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Así mesmo, tamén será de aplicación o Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións nas entidades locais galegas.

Décima.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA
A DIRECTORA DE TURISMO DE GALICIA

POLA MANCOMUNIDADE RÍA DE AROUSA NORTE
O PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE

Mª Nava Castro Domínguez

ANEXO I

2016

ACCIÓNS	ORZAMENTO
Liña estratéxica 1: Accesibilidade Universal aplicada a promoción turística	2.000,00 €
Liña estratéxica 2: Turismo deportivo e de natureza	30.000,00 €
Liña estratéxica 3: Turismo gastronómico	13.000,00 €
Liña estratéxica 4: Comunicación e promoción do destino	30.000,00 €
Subtotal Axencia turismo de Galicia	75.000,00 €
Coordinación, seguemento e control (achega Arousa Norte)	25.000,00 €
Total	100.000,00 €

2017

ACCIÓNS	ORZAMENTO
Liña estratéxica 1: Accesibilidade Universal aplicada a promoción turística	2.000,00 €
Liña estratéxica 2: Turismo deportivo e de natureza	32.000,00 €
Liña estratéxica 3: Turismo gastronómico	13.000,00 €
Liña estratéxica 4: Comunicación e promoción do destino	28.000,00 €
Subtotal Axencia turismo de Galicia	75.000,00 €
Coordinación, seguemento e control (achega Arousa Norte)	25.000,00 €
Total	100.000,00 €